

Mulleres do mar

No corazón das vilas mariñeiras, caracterizadas arquitectonicamente polas casas baixas, de factura pobre e cuxo trazado dá orixe a un espazo irregular e de rúas estreitas, habitan familias enteiras dedicadas ao mar e aos seus labores. As vivendas, en xeral, son moi básicas, de tamaño reducido e tanto acollen a familia como serven para a almacenaxe dos apeiros de traballo. Os soportais amplían este espazo habitacional e tamén son utilizados para gardar gamelas pequenas, remos, redes, nasas, etc. Na casa conviven, pois, o mar e a familia, cos seus apeiros, traballos e tamén cos seus olores, fortes, descritivos, característicos. Mulleres, homes e nenos e nenas aproveitan, na medida das súas posibilidades, os recursos deste medio para garantir a súa subsistencia.

Este contorno alberga múltiples historias de vida e de superación. Herdeiras dunha tradición de milenios, as mulleres do mar aprenderon das súas e dos seus a ser superviventes. Con todo, este recoñecemento do propio apenas se traduce nun recoñecemento social. De grande relevancia sería, en caso contrario, Isabel Barreto de Mendoza, “pontevedresa do século XVI, que foi a única almiranta na historia da armada española no Océano Pacífico. Pertencía á nobreza galega, era moi culta, sabía ler e escribir en latín” [*Do Gris ao Violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra*. Concello de Pontevedra].

Máis recentemente, a ausencia durante longos períodos de tempo dos homes embarcados converteunas en cabeza de familia cuxa responsabilidade abrangía todo tipo de cuestións. A elas correspondíanlles a xestión económica do diñeiro da familia, a administración da casa, a educación case en exclusiva das fillas e dos fillos, o seu coidado e sustento, a realización de traballos asalariados e doutros



non remunerados, como os relacionados cos labores agrícolas (que se compaxinaban cos traballos propios do mar) ou coa manutención diaria da casa e da familia. Así pois, a muller era, polo regular, a persoa encargada de xestionar o diñeiro da familia, a única administradora. Dela dependía a decisión de facer obras, de pedir préstamos, de comprar o necesario; de administrar o diñeiro e decidir que se facía con el.

A relación da muller co mar é unha relación duradeira, de múltiples traballos, de confraternización, de vida. A elas correspondeulles facerse donas dos seus traballos, moitos deles produto da iniciativa propia, sen apenas coberturas legais e sen limitacións horarias. Como é o caso das traballadoras da ribeira, as **mariscadoras**. Cultivadoras da ribeira, á procura de marisco, o ritmo e a rutina destas mulleres dependía totalmente dos horarios das mareas. A hora de baixada da marea condiciona o seu quefacer diario e o inicio da xornada, que uns días podía ser ás cinco e outro ás sete da mañá. Esa hora marca o momento do encontro do grupo e xuntas diríxense ás planicies de area que descubría o mar.

Polo xeral, as traballadoras da ribeira ou mariscadoras recollen o marisco maioritariamente na zona intermareal, o que facilita a dedicación a este labor pois apenas eran precisos investimentos para a súa realización. Coa axuda dun caldeiro, dunhas botas e dun angazo ou dunha aixada podían saír faenar. Con todo, tamén hai quen se dedica ao marisqueo en bote, unha tarefa que polo xeral conta con presenza maioritaria de homes.

Non sen moitos esforzos, estas mulleres conseguiron que o labor da mariscadora se revalorizase e con frecuencia falan da bonanza de certos momentos, especialmente durante a segunda metade do século XX, cando gañaban máis que os homes que ían ao mar. Se ben nun primeiro momento o marisqueo formaba parte das súas actividades de subsistencia, a partir dos anos 60 (aproximadamente) o aumento do mercado do marisco -derivado en parte da crise da sardiña nesta época- intensificou o volume de traballo, o que favoreceu a aparición dun regulamento e a instauración de mecanismos de xestión da actividade. A aparición de novos mercados máis amplos, tanto a nivel nacional como europeo, son produto deste significativo aumento da demanda e repercute considerablemente no aumento no prezo do marisco. Este incremento nos ingresos e no recoñecemento do seu traballo contribuíu de maneira decisiva a favorecer a independencia das mulleres que se dedicaban ao marisqueo, independencia que se fai presente tanto a nivel financeiro como social.

Unha das consecuencias desta revalorización do traballo da mariscadora é a súa incorporación a postos de relevancia na xestión das **confrarías**. Tendo en conta que as confrarías foron dirixidas por homes durante séculos en Galicia, o papel



activo das mariscadoras sinala un cambio significativo no status e no poder político das mulleres. A súa maior presenza nas confrarías foi parella a un proceso de profesionalización do oficio que tivo lugar durante a década dos anos 90 e que supuxo, entre outras cousas, un maior control sobre a actividade ao se introducir o sistema de cotas e a delimitación da época de extracción, así como a esixencia de que as traballadoras do mar estiveran dadas de alta na seguridade social e contasen cun seguro.

As das **redeiras, atadeiras e chaboleiras** son as mans caladas que atan e preparan os aparellos en terra para que o barco poida ir ao mar. Non pode haber un barco no mar sen non hai unha redeira en terra que lle ate as redes. Sen o seu labor, moitas das persoas que faenan no mar quedarían sen o seu sustento. Artesás da agulla, as redes esténdese á beira do mar, anunciando o seu destino.

Falaba Xaquín Lourenzo no seu tempo do oficio das **vendedoras de peixe**, que percorrían cos seus cestos os camiños de lugar en lugar ou as rúas de vilas e cidades ofrecendo o seu produto. A pé chegaba o peixe desde a ribeira aos lugares do interior. E como pagamento non era exclusivo o uso do diñeiro, senón que en non poucas ocasións, no rural pagábase con produtos da colleita como millo, centeo, etc. Así pois, non era infrecuente que as peixeiras levasen un saco na man ou ao lombo. No entanto, coa chegada dos novos medios de transporte, os camiños que durante anos percorreron estas mulleres que abastecían o interior dun produto tan necesario como o peixe, foron abandonados en favor das estradas polas que circulan os vehículos que actualmente o transportan.

Pero, ademais destes oficios, son moitas tamén as mulleres do mar que traballaron como empregadas nos diferentes sectores produtivos que se desenvolveron ao redor da economía do mar, entre os que destacan sobre os demais a **industria conserveira**. O auxe desta industria foi en aumento debido á introdución no seu proceso de fabricación de innovacións que facilitaban a conservación do alimento durante máis tempo e que ofrecían maiores facilidades e mellores prezos no consumo. Esta preocupación pola conservación dos alimentos non é, para nada, algo moderno. A arqueoloxía ten abundantemente documentada a existencia de infraestruturas deste tipo desde tempos remotos.

A implantación en Galiza dunha industria de salga primeiro e conserveira despois, incentivada polos empresarios cataláns desde finais do século XVIII, supuxo para moitas das mulleres da contorna de Pontevedra unha grande oportunidade de traballo asalariado. A partir deste momento a muller vai adquirir un novo papel no proceso produtivo, entrando a traballar como empregada e achegando un salario directo á economía familiar. O seu traballo nestas industrias foi variado e non exento de grandes esforzos físicos. As súas tarefas estaban asignadas tanto ao



traballo en almacéns, ao oficio de atadora pero xa como asalariada -cobrando un xornal-, entre outras moitas. Nestas fábricas, a pesar de seren maioría as empregadas, os salarios das mulleres eran notablemente inferiores con relación aos seus compañeiros e a súa ausencia era manifesta nos postos de maior responsabilidade, asignados case en exclusiva aos homes que traballaban na fábrica.

Son moitas as mulleres que traballaron tamén nas **bateas**, antigamente non mecanizadas polo que o grosso traballo se facía á man. As pesadas cordas cargadas de moluscos eran levantadas a pulso, cos brazos. En momentos concretos, como cando tiñan grandes pedidos de mercadoría para enviar fóra, encargábanse de cargar os camións e a urxencia obrigábaas a traballar durante toda a noite ou a comezar a xornada de madrugada. Ademais dos esforzos propios da batea, era frecuente realizar labores de gran perigo, como ir recoller cría, labor que describen semellante ao dos percebeiros.

Pero son moitos máis os oficios que as mulleres realizaron no mar: armadoras, salgadoras, descargadoras de sal, encascadoras, sargaceiras, e un longo etcétera. Moitos destes oficios son pouco coñecidos, cando non descoñecidos, pero tamén son moitas máis as mulleres aínda silenciadas e esquecidas.